

Instrucciones para utilizar las actividades de JClic


Tes que ter un pouquiño de paciencia a primeira vez que as vaias a utilizar pois necesitarás descargar e instalar previamente dous programiñas gratuítos complementarios para que as actividades funcionen nos navegadores máis comúns, Internet Explorer, Mozilla, etc,...

Pasos a dar:


- 1.- Faremos clic (por exemplo) no enlace das primeiras actividades: **A nosa comunidade** situado na mesma páxina onde descargaches este arquivo.
- 2.- Abrirase unha nova ventá do navegador (neste exemplo usaremos I.Explorer) coa seguinte mensaxe:
“Para utilizar esta aplicación es necesario descargar un plug-in Java™ actualizado”.



- 3.- Faremos clic en “Haga clic aquí para descargarlo” e verémo-la seguinte imaxe:



- 4.- Aquí explícanos un pouco do porqué desta descarga. Faremos clic en **Windows**. (Se é o S.O. que usamos)
- 5.- Esta deberá ser a seguinte pantalla:



- 6.- Primeiro descargaremos o complemento *Java Media Framework* facendo clic en customJMFinstal.exe (Un cómodo destiño da descarga pode ser o Escritorio de Windows). **Polo de agora non o instalaremos.**
- 7.- Volveremos a esta páxina e faremos clic no carteliño central que pon “java”



8.- Esta será a seguinte pantalla:



9.- Faremos clic en “*Descargar ahora*” e verémo-lo seguinte:



10.- Clic de novo en “*Iniciar la descarga*” (podemos ler antes a información da páxina)

11.- Despois duns instantes, verémo-la seguinte imaxe: (Leer atentamente as instrucións en letra vermella que explican como chegar a este paso se se ten Windows XP SP2)



12.- Faremos clic no botón de “*Instalar*” . Aparecerán e desaparecerán varias pantallíñas e despois a seguinte:




13.- Cun clic aceptarémo-los termos da licencia e o tipo de instalación (típica).

14.- Na nova pantalla faremos clic en “Siguiente”



15.- Observaremos como por fin se descarga e instala definitivamente:



(NOTA: Se fracasase a instalación porque di que lle falta algún arquivo, a resolveremos doutro xeito: volveremos ó paso 11, faremos clic en “Descarga manual”, (na parte esquerda da pantalla) e na seguinte imaxe elixirémo-lo segunda opción que di: “Windows (instalación fuera de línea) (tamaño del archivo 15,5 MB)”. Descargáremo-lo arquivo e o instalaremos. Se tampouco vai deste xeito, será debido a algunha incompatibilidade con algún programa xa instalado no ordenador.)

16.- Instalaremos agora primeiro programiña que descargamos no paso 6. (Java Media Framework)

17.- Iremos polo tanto a onde o temos descargado e faremos dobre clic nel para que comece a súa instalación. Esta será a primeira imaxe:



18.- Faremos clic en “Español” e no botón de “OK” e veremos unha nova imaxe.

19.- Aceptaremos:



20.- Na seguinte é última imaxe tamén aceptaremos:



21.- Con estes dous programiñas instalados, xa podemos usa-las actividades en Internet. Se pechamos o navegador e facemos de novo clic no enlace de **A nosa comunidade**, e dependendo da velocidade da conexión a Internet, poderemos utiliza-las actividades en máis ou menos tempo.